CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

COMPARECEN

Dunha parte, **Rosa María Crujeiras Casais**, reitora da **Universidade de Santiago de Compostela**, segundo o nomeamento contemplado no Decreto 26/2026, do 6 de abril (DOG do 10 de abril), actuando en nome e en representación desta en virtude das facultades conferidas polo artigo 50 e concordantes da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q-1518001-A, sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

E, doutra parte, **Andrés Lago Louro**, actuando en nome e representación do **Consello Consultivo de Galicia**, segundo o nomeamento contemplado no Decreto 183/2024, do 3 de outubro (DOG do 7 de outubro), actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e o artigo 13 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia; con CIF Q-1500011-J, e sede social no Pazo de Amarante, Rúa da Algalia de Abaixo, 24 - 2º, 15704 Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é institución pública dotada de plena personalidade xurídica, que asume e fai as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento.

SEGUNDO.- Que, segundo os Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

TERCEIRO.- Que o Consello Consultivo de Galicia (en adiante CCG), creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo e de asesoramento xurídico da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional.

CUARTO.- Que tanto o CCG como a USC están de acordo en establecer unha colaboración nos eidos de interese común, para o que

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, xuntar esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO MARCO

O obxecto deste convenio é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a USC e o CCG en actividades docentes, formativas, de investigación xurídica e outras que sexan de interese para as dúas partes.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Colaboración na execución de proxectos e/ou programas de investigación xurídica.
- Cooperación na organización e execución de programas de formación práctica e de actualización xurídica dirixidos á comunidade universitaria e aos profesionais do dereito.
- Cooperación na organización de congresos, xornadas ou seminarios docentes e/ou de investigación xurídica e na publicación dos seus resultados.
- Acceso do persoal do CCG aos servizos e recursos bibliográficos da Biblioteca da USC.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente convenio marco.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

As colaboracións derivadas deste convenio quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, á lexislación vixente, á normativa interna de cada institución e a aquelas que

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

se acorden para cada un dos convenios específicos, tendo en conta a natureza da colaboración e o centro onde se realice o traballo.

Non se poderá realizar ningún proxecto ou programa de actuación sen estar previamente definido e regulado nun convenio específico.

Os convenios específicos que se realicen, vinculados a este convenio marco, deberán ser aprobados polos órganos de goberno das dúas institucións e asinados polos seus representantes legais.

CUARTA.- CONTIDO DOS CONVENIOS ESPECÍFICOS

Cada proxecto e/ou programa de actuación en virtude deste convenio marco será obxecto dun convenio específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se persegue.
- Descrición do plan de traballo, que incluirá as súas distintas fases e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- Orzamento total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as contribucións de cada entidade.
- Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Normas sobre confidencialidade, propiedade industrial, publicación e explotación de resultados obtidos no desenvolvemento do proxecto, no suposto de programas de investigación.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

- Nomes das persoas, unha por cada parte, que se designarán por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do convenio.

QUINTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para facilitar a elaboración dos convenios específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta paritaria composta por:

- A Secretaría Xeral, ou persoa en quen delegue, e a Decana da Facultade de Dereito, en representación da USC.
- O Presidente, ou Conselleiro no que delegue, e o Secretario Xeral, en representación do CCG.

A Comisión Mixta de seguimento determinará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes e, polo menos, unha vez ao ano.

SEXTA.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Á Comisión Mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- Propor posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Propor os convenios específicos de execución do presente convenio marco sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.
- Elevar as propostas que elabore aos órganos competentes das dúas partes.
- Requirir información acerca da execución dalgún convenio específico concreto vinculado ao marco, de resultar necesario.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

SÉTIMA.- EQUIPAMENTO

Os bens aportados por unha das partes nun proxecto común serán sempre da súa propiedade. A propiedade de bens inmobles ou equipos adquiridos ou construídos no marco dun proxecto común determinarase, en cada caso, no convenio específico correspondente.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

A subscrición do presente convenio marco non comporta obrigas económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades estipularase a contribución económica que, dentro das súas dispoñibilidades, cada institución poida aportar. Así mesmo, poderán buscar conxuntamente ou por separado a captación doutros fondos. A fórmula da súa xestión preverase no correspondente convenio específico.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que poida ter acceso no desenvolvemento do presente convenio marco e na definición e preparación dos proxectos asociados aos convenios específicos a subscribir, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Neste sentido, a parte receptora da citada información manteraa en confidencialidade e estrito segredo, e evitará revelala a calquera, fóra daqueles empregados autorizados e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste convenio. En calquera caso, cada parte deberá, previamente, conseguir dos citados empregados un

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

compromiso co fin de manter o segredo e exercer todos os esforzos razoables para reforzar ese compromiso.

DÉCIMA.- PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL

Toda a información revelada aos efectos do presente convenio será propiedade exclusiva da parte que a xerou. Ningunha licenza ou similar se poderá considerar derivada do intercambio de información dunha parte cara á outra. Igualmente, ningunha parte utilizará a información da outra no seu propio beneficio.

O réxime de propiedade e xestión dos resultados derivados dos proxectos desenvolvidos no marco das actuacións asociadas a este convenio ou outros convenios específicos será establecido en cada caso e dentro do convenio previo ao que se refire a cláusula cuarta.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente convenio marco entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de 4 anos, renovables por un período máximo de 4 anos por acordo expreso das partes, mediante a subscrición dunha addenda de prórroga.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o convenio previa comunicación por escrito á outra parte con 3 meses de antelación á data na que o vaia dar por rematado. Nos dous casos deberanse finalizar as tarefas dos convenios específicos que estean vixentes.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A información contida no presente convenio poderá ser obxecto de publicidade nos termos establecidos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (BOE do 10/12/2013) e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- IMAXE CORPORATIVA

As partes poderán facer constar a presente colaboración sen que isto supoña autorización de uso da imaxe corporativa para un fin diferente ao das actividades reguladas no convenio, sendo, en todo caso, necesaria a autorización expresa da USC para facer uso do seu logotipo por calquera medio de difusión.

DÉCIMO QUINTA.- AUTORIZACIÓN DOS ASINANTES

As persoas que asinan o presente convenio manifestan o seu consentimento e autorización para incorporar os seus datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo.

DÉCIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas durante a súa execución, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no disposto no Regulamento (UE) 2016/679.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

DÉCIMO SÉTIMA.- XURISDICIÓN

O CCG e a USC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

Se fose o caso, as partes someterán as diverxencias que se puidesen presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter público da USC.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan mediante sinaturas electrónicas.

Pola Universidade de Santiago de Compostela
A REITORA
Rosa María Crujeiras Casais

Polo Consello Consultivo de Galicia
O PRESIDENTE
Andrés Lago Louro

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C895-E07A-4E22-8745
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C895-E07A-4E22-8745

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,
REITORA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/11/2026 21:05:56.

Asinante/Firmante/Signer: ANDRES LAGO LOURO,
NIF ***8874**, 13/11/2026 13:23:39.

CSV: C895-E07A-4E22-8745